

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso de Postgraoo Interuniversitario sobre empresa pública e emprego público

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Dirección e Xerencia Pública

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	300
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES OU XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2010
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

RESPONSABLE: PORTELA SILVA, MARIA LUCIA [lucia.portela.silva@xunta.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo perseguido polo curso é o de implicarse decididamente na formación para a dirección das administracións ou das empresas públicas no contexto de valores actual.

Este curso desenvolve unha acción específica de formación dos profesionais da empresa e do emprego público, onde a calidade é un factor horizontal, así como a formación nos temas xurídicos e de valores, utilizando ferramentas TIC.

Ademais, pretende facilitar unha potencial e eficaz cualificación profesional nun contorno actual condicionado pola sociedade da información e das novas tecnoloxías, facilitándolles ás/aos empregadas/os públicas/os a posibilidade dunha maior accesibilidade á actualización profesional que lles facilite conseguir maiores cotas de responsabilidade profesional

DESTINATARIOS

O programa do curso vai dirixido ás/aos empregadas/os públicas/os das administracións públicas galegas, aos profesionais e interesadas/os que pretendan acadar un maior coñecemento no ámbito da empresa e/ou das administracións públicas e das relacións laborais nos devanditos medios.

PROGRAMA

O curso estrutúrase nos seguintes módulos:

Módulo I. Módulo de empresa.

1. Dirección da calidade.
2. Administración de empresas públicas e dirección de persoas.
3. Dirección comercial.
4. Comercio internacional.
5. Dirección financeira, análise e avaliación de proxectos.
6. A empresa.

Módulo II. Módulo xurídico e de valores.

1. Empresa e emprego público: escenario e coordenadas actuais.
2. Funcionario público versus contrato de traballo.
3. Dereito de traballo colectivo: sindical e empregados públicos.
4. O dereito procesual no emprego público.
5. A Seguridade Social: cuestións de actualidade.
6. A prevención de riscos laborais nas administracións públicas: cuestións xurídicas.
7. A empresa e o emprego público: posibles valores.
8. A prevención de riscos laborais: diversas vías de aproximación.
9. Políticas sociolaborais no marco da igualdade.
10. A educación: implicación da empresa e do emprego público na sociedade actual.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A selección das/os aspirantes será efectuada por unha comisión académica designada para este efecto, que terá en conta a titulación ou os estudos universitarios, os coñecementos previos adquiridos no ámbito do emprego público e/ou da empresa pública, e das relacións laborais nos anteditos medios, así como a experiencia profesional relacionada coa temática do curso; e se é o caso, realizarase unha entrevista persoal.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: SANTIAGO DE COMPOSTELA

INICIO / FIN: 07/10/2010 a 07/07/2011

NUM. PRAZAS: 35

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE